



MANIFESTO DO PPdeG NO DÍA DE GALICIA

Hoxe, neste Panteón de Galegos Ilustres, rendemos homenaxe á verdadeira razón de ser deste partido: hoxe, na véspera do seu gran día, rendemos **homenaxe a Galicia e ós galegos.**

Sen embargo, e obviando por un momento o simbolismo desta data, creo profundamente que limitar o noso compromiso con esta terra a un día como o de mañá é desperdiciar 364 días de devoción a unha Galicia que nolo deu todo.

Somos firmes defensores dos nosos símbolos identitarios, e desde logo o 25 de xullo é un deles, pero cremos que **non hai maior símbolo de Galicia que os propios galegos.** Para dignificar esta terra, é neles nos que debemos centrar os nosos esforzos: porque hai tantas formas de entender Galicia como galegos hai.

O galeguismo non é unha doutrina, é un xeito de vida a escoller por cada quen de forma individual.

Esa é filosofía que ha de marcar o noso compromiso con Galicia: a do respecto das liberdades.

O PPdeG entende o **galeguismo** dun xeito **aberto**, como **un manto capaz de arroupar a todos e cada un dos galegos**, e non como un paraugas pensado



para elites e que deixa á intemperie á verdadeira masa social de Galicia.

Apostamos por un **galeguismo acolledor**, do que toda Galicia poida sentirse orgullosa.

Por un **galeguismo amable**, que fuxa de batallas interesadas sobre os símbolos de Galicia, un galeguismo que **non se use para dividir o que foi concebido para unir**.

Hoxe máis que nunca repetimos isto alto e claro: **son os galegos os que deben decidir en que idioma queren expresarse, non os políticos**. Son eles os que deben decidilo. En liberdade, sen presións. Temos unha lingua propia que usamos, amamos e respectamos.

Apostamos tamén por un **galeguismo aperturista**, que obvie as estreitas barreiras territoriais e aspire a inundar o mundo enteiro. ¿Ou acaso hai que ser galego para amar a Galicia?

Galicia está alá onde hai un galego, e por iso apostamos por estender esta filosofía. E **máis aínda, en vésperas dun Ano Santo**, no que Galicia en xeral e esta cidade de Santiago en particular serán de novo un **crisol de culturas** que camiñarán xuntas sobre a pedra galega.



Sendo así, non podemos pecharnos no **galeguismo esquivo** que algúns se afanan en estender, senón en amosar ao mundo un sentimento só describable cunha palabra: orgullo. Orgullo de ser galegos.

Ese orgullo é o que fai medrar o galeguismo nesta terra. É ese orgullo o que fai que a testemuña de Castelao, Rosalía ou Ramón Piñeiro recaia nas mellores mans: nas dun **batallón de galeguistas anónimos aos que hoxe tamén queremos render homenaxe.**

Aqueles que tamén lembrou o propio Castelao, precisamente un Día de Galicia pero de 1948 e no seu exilio de Buenos Aires.

Castelao falou dunha *“infinita multitude de luciñas e vagalumes, que son os seres innombrados que ninguén lembra xa, e que todos xuntos forman o substrato insubornable da patria galega. Esas almas sen nome que crearon o idioma en que eu lles estou falando, a nosa cultura, as nosas artes, os nosos usos e costumes, e en fin, o feito diferencial de Galicia.”*

Estas almas sen nome seguen alimentando hoxe o seu compromiso con Galicia no seu quefacer diario, nos seus traballos, na súa vida persoal... eles, lonxe dos grandes titulares, pode que nunca reflictan nun libro o seu compromiso con esta terra ou as súas reflexións sobre Galicia, pero son desde logo os



verdadeiros protagonistas da Galicia na que cre o PPdeG.

Ese galeguismo anónimo, valente, continuo, que vive cómodo no bilingüismo cordial que sempre estivo instalado en Galicia, e que sobrevoa por riba das siglas políticas e os debates partidarios ...

Eses que homenaxean cada día a esta terra cun orgullo de pertenza a proba de debates e que non permiten que ninguén lles marque o camiño que ha de seguir o seu amor a Galicia...

Eses homes e mulleres que conforman a maioría silenciosa que, de forma tranquila e sen estridencias, son os verdadeiros actores do galeguismo son os que merecen a homenaxe que hoxe, na véspera do noso Día Grande, lle rendemos orgullosos e satisfeitos.